



CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E MEDTRONIC, S.L. PARA O FOMENTO DA CALIDADE ASISTENCIAL E EFICIENCIA E A SÚA EFECTIVA APLICACIÓN NA ORGANIZACIÓN SANITARIA DO SERGAS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde asinou coa sociedade Medtronic Ibérica o instrumento convencional arriba referido, que terá efectos desde o día seguinte ao da súa firma e manterá a vixencia durante catro anos, sen prexuízo de que as partes poderán acordar a súa prórroga mediante acordo escrito de conformidade co disposto no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións ás que deberán suxeitarse as partes co fin de articular e executar propostas que resulten eficaces para xerar innovación co obxecto de mellorar os resultados na atención sanitaria aos pacientes do Sistema Público de Saúde de Galicia.

As actuacións concretas para executar a dita colaboración desenvolveranse a través de acordos específicos propostos polas distintas unidades clínicas dos Centros Hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, conxunta o individualmente, con Medtronic, promovendo así a aplicación e o compromiso coa innovación e a transformación organizativa efectiva.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

O Servizo Galego de Saúde ten como obxectivo a provisión dos servizos e das prestacións da atención sanitaria individual de cobertura pública no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. O Servizo Galego de Saúde exerce o goberno, dirección, e xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios adscritos, garantindo a provisión dos servizos e prestacións de asistencia sanitaria de cobertura pública; coordina a xestión dos recursos humanos e financeiros que teña asignados, e exerce aquelas funcións que lle delegue ou encomende a Consellería de Sanidade.

O Servizo Galego de Saúde pretende potenciar metodoloxías e actuacións orientadas á mellora de resultados en saúde da poboación na Comunidade Autónoma de Galicia e que permitan unha mellora continua da eficiencia operativa e a consecución de maior calidade nas súas unidades clínicas. O Servizo Galego de Saúde quere contribuír á xeración dun





coñecemento especializado e a unha experiencia que poida realmente servir para que a Comunidade Autónoma contribúa significativamente ao desenvolvemento de mellores prácticas no ámbito sanitario que sirvan de referencia ao sistema público de saúde.

Para iso, o Servizo Galego de Saúde recoñece o valor que para este fin supón a colaboración con actores comprometidos estratexicamente coas mellores prácticas no sector sanitario, con consolidada traxectoria no mesmo, posuidores de coñecemento e medios suficientes para contribuír significativamente á elaboración conxunta de plans e programas concretos para o seu desenvolvemento, implantación e mellora, así como para a súa efectiva posta en marcha nos servizos clínicos que se determinen para producir a transformación real desexada.

Medtronic Ibérica é unha organización activa no sector dos dispositivos médicos e tamén de solucións integrais no sector sanitario, que ten como obxectivo lograr unha mellor prestación sanitaria, e que desexa continuar desenvolvendo o seu coñecemento e capacidades para ser recoñecida como unha empresa experta en solucións integrais máis alá da súa oferta tecnolóxica. Ao longo dos seus máis de 50 anos de existencia como compañía do sector da tecnoloxía sanitaria, Medtronic desenvolveu unha ampla rede de colaboracións con institucións públicas e entidades ligadas á innovación e está en condicións de achegar tanto o coñecemento propio como o da súa rede de colaboradores. Medtronic é actualmente unha compañía líder a nivel mundial en innovación sanitaria tanto en tecnoloxía como en servizos e solucións integrais para centros hospitalarios.

Medtronic é unha sociedade cuxa solidez económico financeira e capacidade técnica e de innovación son amplamente recoñecidas no sector sanitario e que o Servizo Galego de Saúde é referente en España pola calidade e excelencia dos servizos que presta.

Conscientes da dita necesidade, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado, polo que é preciso determinar o contido da dita colaboración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

